

Aplicación pedagógica de *Auschwitz explicado á miña filla*

O desenvolvemento dun comportamento cívico responsable debe fomentarse dende unha idade moi temperá. O tratamento do Holocausto inclúe a aprendizaxe dos dereitos e dos deberes dos cidadáns, o respecto polos valores democráticos e polos dereitos humanos e a importancia da solidariedade, tolerancia e participación nunha sociedade democrática, está considerado como un instrumento para que nenos/as e mozos/as se convertan en cidadáns responsables e activos.

A adquisición da cultura política democrática debe incluír, cando menos, os seguintes temas:

- a) O coñecemento das institucións sociais, políticas e cívicas, así como dos dereitos humanos.
- b) O estudo das condicións que favorecen a convivencia harmónica das persoas e os problemas sociais relevantes.
- c) A aprendizaxe pola mocidade das normas institucionais, comezando pola Constitución, para formarse para exercer responsablemente os seus dereitos e responsabilidades cívicas.

Esto favorece o desenvolvemento do pensamento crítico e de actitudes e valores democráticas alicerzados nos seguintes principios:

- 1º. O recoñecemento e respecto da propia persoa e das demais para favorecer a comprensión mutua e a convivencia.
- 2º. A adquisición da responsabilidade social e moral, que inclúe a confianza nun mesmo e aprender a comportarse de xeito responsable cos demais.
3. A consolidación dun espírito solidario.
- 4º. A construción de valores democráticos prestando a debida atención aos distintos puntos de vista e perspectivas sociais.
- 5º. A aprendizaxe da escoita activa e a resolución de forma pacífica dos conflitos.
- 6º. A aprendizaxe para contribuír a un entorno social e ambiental seguro.
- 7º. O desenvolvemento de estratexias eficaces para combater o racismo e a xenofobia.

Pois ben, o estudo do Holocausto abrangue aspectos relacionados co coñecemento e o exercicio dos dereitos e responsabilidades cívicas. Igualmente, todos os estados asocian o concepto con certos valores estreitamente vinculados co papel dun cidadán responsable. Entre eles inclúese a democracia, a dignidade humana, a liberdade, o respecto polos dereitos humanos, a tolerancia, a igualdade, o respecto á lei, a xustiza social, a solidariedade, a responsabilidade, a lealdade, a cooperación, a participación e o desenvolvemento espiritual, moral, cultural e mental.

Todos os niveis do sistema educativo deben contribuír á transmisión do Holocausto no currículo, ben como materia específica ou como tema transversal. As propias recomendacións

demandan enfoques multidisciplinares que faciliten a adquisición dos coñecementos, actitudes e competencias necesarias para que as persoas convivan en harmonía nunha sociedade democrática e multicultural.

A Unión Europea inclúe como obxectivo dos sistemas educativos velar polo fomento da aprendizaxe dos valores democráticos e da participación cidadá na comunidade escolar. Pola súa banda, a Constitución española, no seu artigo 1.1 considera a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político como os valores nos que se debe sustentar a convivencia social; no artigo 14, establece a igualdade de todos ante a lei e rexeita calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social; e no artigo 27.2 afirma que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade no respecto aos principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais, que debe interpretarse segundo o establecido na Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España. Estas recomendacións internacionais e o mandato constitucional son as bases da presenza no currículo do estudo histórico do Holocausto padecido polas persoas de orixe xudea que vivían en Europa.

O estudo dos dereitos debe facerse dende o coñecemento da realidade social e centrarse nunha reflexión ética que contribúa á construción dunha conciencia moral cívica. Asemade, axuda a xerar sentimentos compartidos, a recoñecer, aceptar e usar convencións e normas sociais de convivencia e interiorizar os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia compromiso e participación. Para isto, os valores universais e os dereitos e deberes da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Constitución española constitúen o referente ético común.

Dende os procedementos desta área favorécese a competencia básica de autonomía e iniciativa persoal porque se desenvolven iniciativas de planificación, toma de decisións, participación e asunción de responsabilidades. Ao enfrontarse a dilemas morais, os alumnos e alumnas constrúen un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas para o que se usa de xeito sistemático o debate, o que contribúe á competencia en comunicación lingüística.

A análise e estudo do Holocausto debe complementarse co doutros crimes contra a Humanidade, con referencias ao xenocidio da poboación armenia e ao perpetrado en Ruanda, desenvolvendo os seguintes obxectivos nunha visión global deses procesos, dende a colectiva ata a feminista e a moral.

1º. Recoñecer a dimensión individual e social da condición humana, aceptando a propia identidade, coas súas características e experiencias persoais, para fomentar a propia estima e respectar a diferenza cos demais.

2º. Desenvolver e expresar os sentimentos e emocións persoas con actitude cooperativa, solidaria e tolerante, empregando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos. Coñecer, respectar e practicar as normas sociais de convivencia.

3º. Desenvolver a iniciativa persoal asumindo responsabilidades e practicar formas de convivencia e participación baseadas na autonomía persoal, o respecto aos outros, a cooperación e o rexeitamento da violencia, dos estereotipos e dos prexuízos valorando a disparidade de actitudes e opinións como ocasión de enriquecemento persoal e condición para mellorar a propia percepción das realidades sociais.

4º. Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que se derivan das Declaracións Internacionais de dereitos humanos e da Constitución española, identificando os valores que conteñen, aceptándoos como criterios que sirva para valorar as condutas persoais e colectivas e as realidades sociais.

5º. Identificar a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de xénero, orixe, crenzas, diferencias sociais, orientación afectiva, sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.

6º. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento, valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e á seguridade e estimar a participación activa como un dos medios que poderá contribuír a lograr un mundo máis xusto.

Remiten ás preguntas que Mathilde lle fai a súa nai e que coinciden coas de calquera adolescente inqueda das aulas de secundaria. Por iso, podemos tratar os seguintes contidos na ESO e no Bacharelato en relación cos Xenocidios e o Holocausto:

| Bloque | Contidos | Obxectivos de aprendizaxe do alumnado |
|---|--|--|
| Deberes e dereitos cidadáns | A Declaración universal dos dereitos humanos, pactos e convenios internacionais. Condena das violacións dos dereitos humanos e actuación xudicial ordinaria dos Tribunais Internacionais. Valoración dos dereitos e deberes humanos como conquistas históricas inacabadas | Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación cara persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectiva e sexual e outras, respectando as diferenzas persoais e amosando autonomía de criterio |
| | Igualdade de dereitos e diversidade. Respecto e valoración crítica das opcións persoais dos cidadáns. Regras democráticas e respecto ás minorías | Identificar os principios básicos das Declaracións Internacionais dos Dereitos Humanos e a súa evolución, recoñecer as causas fundamentais que provocan as situacións de violación dos mesmos e distinguir e rexeitar as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectan ás mulleres |
| | | Explicar as principais teorías éticas e aplicar os seus principios á interpretación de problemas morais do noso tempo, recoñecendo a pluralidade de solucións e a necesidade de diálogo para as mesmas |
| Identidade e alteridade. Educación afectivo-emocional | Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que levan a cabo as organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a importancia das leis e a participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos | |
| | Identidade persoal, liberdade e responsabilidade. As relacións coas outras persoas. Respecto ás diferenzas persoais. A evolución moral e as súas fases: autonomía e heteronomía ética. O suxeito ético como base para a socialización e a civilización | Recoñecer os Dereitos Humanos como principal referencia ética de conduta humana e identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais, manifestando actitudes a favor do exercicio activo e o cumprimento dos mesmos |
| | Sociedade e individuo. A desviación social | Analizar e entender a democracia como conquista histórica e expresar o significado filosófico da democracia, valorándoa como forma de convivencia social e política |
| Habilidades e actitudes sociais para a convivencia. Respecto pola dignidade humana e os dereitos fundamentais das persoas, as súas opinións e crenzas | Utilizar as TICs para obter información sobre os principais problemas sociais do mundo actual utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación, analizar as causas que os provocan e identificar solucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas | |
| | Recoñecer a existencia de conflitos e o papel das organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a cultura da paz, a importancia das leis e a participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos | |

| | | |
|-------------------------------------|---|--|
| Teorías éticas. Os dereitos humanos | As teorías éticas e o pluralismo cultural e moral. Os principios éticos fundamentais | - Recoñecer os Dereitos Humanos como principal referencia ética de conduta humana e identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais, manifestando actitudes a favor do exercicio activo e o cumprimento dos mesmos. |
| | Os dereitos humanos como referencia universal para a conduta humana. Dereitos cívicos e políticos. Dereitos económicos, sociais e culturais. Evolución, interpretacións e defensa efectiva dos dereitos humanos | - Analizar e entender a democracia como conquista histórica e expresar o significado filosófico da democracia, valorándoa como forma de convivencia social e política |
| | As diferenzas sociais e culturais. Rexeitamento das actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión | Recoñecer a existencia de conflitos e o papel das organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a cultura da paz, a importancia das leis e a participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos |

Utilizaremos un **fragmento do texto de A. Wiewiorka “o Holocausto explicado á miña filla”** para exemplificar o tratamento destes contidos co obxectivo de educar na memoria do Holocausto nunha sesión de 4º da ESO, con rapaces e rapazas de 15 e 16 anos que terán unha visión precaria, cando non deturpada, do que supuxo o Holocausto. Por iso escollemos uns parágrafos nos que se abordan dous temas eticamente complexos: por unha banda, a culpabilidade de todo o pobo alemán e, por outra, a do pobo xudeu.

A persoa docente debeu realizar unha explicación previa das causas e características do Holocausto e, tamén, da obra que se vai utilizar para analizar o sentido de culpabilidade dalgúns dos perpetradores ou a resignación atribuída ás persoas xudeas apreixados, deportadas e asasinadas.

Texto 1.

“- Entón todos os alemáns desa época son culpables?

- Esa é a pregunta dende a fin da guerra. Ningún pobo é colectivamente culpable e os alemáns que se opuxeron ao nazismo foron perseguidos, presos nos campos de concentración ou obrigados ao exilio. Alemaña estaba, como moitos outros países de Europa, impregnada de antisemitismo, mesmo se os antisemitas activos, os asasinados, só fosen unha minoría. Hoxe estímase que participaron activamente no xenocidio arredor de 100.000 alemáns pero, que podemos dicir dos outros, dos que viron como detiñan os seus veciños xudeus, ou dos que conducían os trens cara á deportación? O que máis sorprende é a extraordinaria indiferencia da meirande parte dos alemáns.

- E logo, que fixeran os xudeus para que quixesen matalos?

- Nada! Cando unha persoa é vítima adoitamos caer no erro de nos preguntar que fixo porque sobreentendemos que algo faría mal. Ás veces mesmo a propia vítima, aínda que sexa inocente, se sente estrañamente culpable; así pásalles ás mulleres vítimas dunha violación, que algúns consideran máis ou menos culpables do que lles pasa.

Os nazis antisemitas non lles reprochaban aos xudeus teren feito nada malo, senón simplemente seren o que eran: xudeus”.

Tarefas para desenvolver individualmente:

- 1) Le atentamente o texto e soluciona as dúbidas de vocabulario.
- 2) Que significa a palabra “antisemitismo”?
- 3) Coñeces algún outro sentimento desta índole que se dea nos nosos días? Como se xustifica este odio? Fai unha lista, o máis breve posible, das xustificacións. Logo, compáraas coas que xustifican o antisemitismo.
- 4) Entendes o que se explica sobre o sentimento das vítimas? Recoñeces este mesmo sentir nalgún grupo (minorado ou non) da nosa sociedade? Fai unha lista de cales son os seus grupos e do que se lles reprocha como vítimas.
- 5) Fai unha lista, o máis breve posible, da túa opinión sobre o antisemitismo ou sobre calquera outro tipo de fobia.

Xogo colectivo de comunicación: as persoas participantes deben pronunciarse sobre unha proposición, que implica un xuízo de valor. A actitude pode ir desde estar totalmente a favor a totalmente en contra, pasando polos intermedios. Exclúese a neutralidade.

Obxectivos de aprendizaxe do alumnado participante no xogo:

1. Atraverse a falar en público, expoñendo as propias opinións.
2. Expoñer as propias opinións razoadamente. Rebater as opinións dos outros con razóns, non con insultos, berros...
3. Practicar a escoita activa: saber escoitar en silencio a opinión, as razóns dos outros sen interromper.
4. Desenvolver o respecto pola opinión dos demais.
5. Ter a honestidade intelectual de cambiar de opinión, se os razoamentos dos outros me convencen.

Desenvolvemento:

A persoa animadora presenta as regras do xogo:

1. Non pode haber actitudes neutras. Todos deben pronunciarse.

2. Prestar moita atención ás proposicións do animador. Non se poden pedir explicacións (“¿Que queres dicir cando afirmas?”...).
3. O espazo de xogo é como un campo de tenis. A toma de postura en relación coas proposicións corresponde a unha situación no espazo. Se estás totalmente de acordo, colócaste no fondo á dereita; se totalmente en desacordo, no fondo á esquerda. Entre a liña divisoria dese campo de tenis (a rede) e ámbalas dúas posturas totalmente opostas, vanse situando aquelas persoas que estean máis ou menos de acordo ou en desacordo. Aí as persoas máis próximas “á rede” son as menos radicais (están de acordo ou en desacordo, pero menos...).
4. As persoas que xogan poden variar a súa posición no campo, se cambian de opinión, en función das intervencións, (argumentos).
5. A persoa que fai de animadora, en ningún caso poderá tomar parte no debate. O que si debe é expresar con suma claridade as proposicións (mesmo repetilas).

Unha vez explicadas e entendidas as regras do xogo, a persoa animadora, situada nun extremo da “rede”, pronuncia a primeira proposición ou xuízo de valor. As frases deben ser o suficientemente xerais, ambiguas ou polémicas, para que obriguen á concreción, á clarificación e á dialéctica. Estas frases poden referirse a calquera outra situación de conflito, tales como a emigración, a convivencia de persoas de diferentes relixións, etc. Sería interesante que se referisen a problemas próximos á realidade dos rapaces, que lles afectase directamente, pero que non perdesen de vista nin o Holocausto nin a “culpabilidade” das vítimas da que se fala no texto.

As persoas que xogan, ata agora fóra do campo, comezan a tomar posicións, en silencio, despois duns segundos de reflexión.

Cando a xente está situada déixanse pasar uns segundos, para que cadaquén pense os seus argumentos.

E comeza o debate. O animador ou animadora dará a palabra, respectando as quendas. Normalmente falan primeiro os que teñen posturas máis antagónicas. Convén que interveñan tódalas persoas que xogan.